

CONCELLO DE BOIMORTO

SEPARATA N. 12



ÍNDICE

1.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO	1
1.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA.....	1
1.1.1.	CAMIÑO PARGA-BOIMORTO-A LAVACOLLA.....	1
1.1.2.	CAMIÑO AS CRUCES – SOBRADO - BOIMORTO	1
1.1.3.	CAMIÑO BOIMORTO - ARZÚA	1
1.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO.....	1
1.2.1.	O CAMIÑO NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA	1
1.2.2.	PROPOSTAS ANTERIORES DE TRAZADO.....	3
2.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL.....	4
3.	DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO	5
3.1.	CAMIÑO PARGA-BOIMORTO-A LAVACOLLA	5
3.2.	CAMIÑO AS CRUCES – SOBRADO - BOIMORTO	5
3.3.	CAMIÑO BOIMORTO - ARZÚA.....	5
4.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	6
5.	ANEXO FOTOGRÁFICO	7
6.	ANEXO PLANOS.....	16

1. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

1.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O trazado do Camiño do Norte no Concello de Boimorto transcorre polas parroquias de San Martiño de Andavao, San Miguel de Boimil, Santiago de Boimorto, San Pedro de Cardeiro, Santa María de Sendelle, San Pedro de Brates, San Xoán de Mercurín e Santa María dos Ánxeles.

1.1.1. CAMIÑO PARGA-BOIMORTO-A LAVACOLLA

Tramo O Mesón / A Ponte de Présaras – Monte da Mota

O Camiño do Norte entra no termo municipal de Boimorto tras percorrer un pequeno treito pola estrada AC-840, Agolada-Betanzos, procedente do núcleo de O Mesón, no concello de Sobrado. Através as zonas poboadas de bosques de eucaliptos de As Regas, A Lamaboa, Os Ánxeles e O Monte de Boimil por unha pista de terra que chega ata o núcleo de Boimil. Neste punto continúa pola estrada AC-234 ata chegar a Boimorto, que o atravesaba seguindo o trazado das rúas Asientos, Real e Gándara, continuando pola estrada AC-0603 durante uns seis quilómetros e medio ata chegar ao límite co concello de Arzúa. Neste treito o camiño atravesaba as zonas denominadas: O Pinar, Chousas de Outeiro, Monte da Abeleira, Coto da Medorra, O Queimado, Montes da Cabrita, A Cerradura, O Castro, A Tranca, Pena da Auga, o lugar de A Mota, e A Garrida.

Trazado con vestixios históricos A Ponte de Présaras – As Regas

Entre A Ponte de Présaras e As Regas existen os vestixios dun antigo trazado identificable sobre as fotografías do voo americano do ano 1956. O tramo, de seiscentos sesenta metros de lonxitude, é de propiedade pública na meirande parte, a excepción dos seus primeiros douscentos metros. A alternativa de trazado do camiño é a estrada AC-840 que une Melide con Curtis, con moito tráfico e polo tanto perigosa para o tránsito dos peregrinos, polo que considerábase necesario estudar unha solución que permita a recuperación do antigo trazado.

1.1.2. CAMIÑO AS CRUCES – SOBRADO - BOIMORTO

Tramo Pena de Madelos – Boimil

A variante que ven de Sobrado entra no concello de Boimorto polo monte chamado Pena de Madelos, ao sur do castro da Roda de Madelos, continúa por trazados alterados pola concentración parcelaria ata chegar a O Campo da Lanza e As Corredoiras, onde continúa pola estrada AC-234 ata Boimil, lugar no que se une ao trazado que ven de Parga pasando por As Cruces e A Ponte de Présaras.

Trazado con vestixios históricos Pena de Madelos – As Corredoiras

O antigo trazado do camiño entre Pena de Madelos e As Corredoiras, na parroquia de Santa María dos Ánxeles, perdeuse como resultado da concentración parcelaria levada a cabo na zona. O antigo trazado, identificable sobre as fotografías aéreas do voo do ano 1956 e completamente perdido na actualidade, sinalase como trazado con vestixios históricos. O trazado co camiño se leva polas pistas de concentración parcelaria máis próximas ao antigo trazado.

1.1.3. CAMIÑO BOIMORTO - ARZÚA

Tramo Boimorto – Os Castros

O tramo se inicia no extremo sur do núcleo urbano de Boimorto, desviándose da estrada AC-0603, que atravesaba a vila, para tomar a CP-0602 en dirección sur. A ruta pasa polos lugares de Frazomil, A Igrexa (Santa María de Sendelle), deixando o núcleo de O Marco ao oeste do camiño. A continuación pasa polos lugares de Vilar e As Galiñeiras, para traspasar o límite co termo municipal de Arzúa entre Carracedo e Os Castros.

1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO

A proposta de trazado do camiño parte das informacións históricas sobre as rutas utilizadas polos peregrinos que arribaban aos portos cantábricos e seguían o camiño a pé cara a Santiago de Compostela. Entre as varias descrições do camiño realizadas por peregrinos a través da historia a que refire con maior detalle o trazado do camiño Norte é a realizada polo peregrino francés Jean Pierre Racq, que fixo a súa viaxe a Santiago no ano 1790. No seu texto se indica o paso polos seguintes lugares identificables na cartografía histórica: Ribadeo, Mondoñedo, Vilalba, Parga, Grixalba, San Bartolomé de la Mota e Sta. Igrexa (quizá unha referencia as dúas igrexas de Sabugueira xunto a A Lavacolla). As referencias ás edificacións e outros elementos vinculados ao camiño, como poden ser os hospitais de peregrinos establecidos ao longo do seu percorrido, serven para establecer e corroborar o seu trazado. Do mesmo xeito a relación co fenómeno da peregrinación dalgúns topónimos e microtopónimos permiten confirmar zonas e puntos de paso do camiño.

Para a definición da traza pátense da análise da cartografía histórica, sobre a que é posible identificar os antigos camiños reais, cuxo trazado pódese considerar herdeiro do dos antigos camiños de longo percorrido utilizados dende finais da Idade Media.

Nun seguinte paso realízase aproximación máis precisa, buscando a identificación dos trazados históricos no viario aínda existente na actualidade. Isto realízase mediante o estudo das fotografías aéreas do voo dos anos 1956-57 (Voo Americano) e a súa comparación cas fotografías aéreas actuais e os planos catastrais actuais e históricos, nos que é posible identificar camiños perdidos que seguen sendo de propiedade pública ou formas do parcelario que denotan a presenza de antigos trazados.

A delimitación definitiva da traza levase a cabo trala comprobación sobre o terreo das hipóteses formuladas con anterioridade. Para isto levouse a cabo unha intensa labor de traballo de campo, que inclúe a documentación fotográfica do territorio que percorre o camiño e a recompilación de testemuñas dos veciños dos lugares da súa contorna, mediante metodoloxía etnográfica.

1.2.1. O CAMIÑO NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA

Os referentes principais para a definición do trazado dos camiños polos que transcorría o Camiño Norte dende a idade Moderna son a Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán, do ano 1845 e os planos provinciais de Lugo e A Coruña de Pascual Madoz dos anos 1864 e 1865 respectivamente. Nestes planos recóllense con precisión os camiños que no tempo de Fontán aínda atopábanse en uso e que en liñas xerais coincidirían cos trazados dos camiños fixados dende finais da Idade Media.

Como documento anterior á Carta de Domingo Fontán que contribúe a corroborar a validez dos planos antes, aínda que cunha precisión moito menor, cabe sinalar o Plano de Galicia realizado por José Cornide.

Outro plano histórico de interese para a definición deste tramo do camiño e o de Tomás López do ano 1784, que aínda que se trata de dun traballo de gabinete baseado en informacións procedentes de diversas fontes, entre elas José Cornide, ven a corroborar e a matizar as informacións aportadas por outros autores.

Outra fonte de gran interese para a definición do trazado do camiño nesta zona é a xa citada descrición da viaxe realizada polo peregrino francés Jean Pierre Racq no ano 1790. Nela sinala un trazado que pasaba por Ribadeo, Mondoñedo e Vilalba e que continuaba pasando por Parga, Grialba (Concello de Sobrado) e San Barolomé de la Mota, unha ermida situada no límite entre os concellos de Arzúa e Boimorto, no treito entre Boimorto e As Cinco Calles.

Mapa del Reino de Galicia de José Cornide (1762)

No Mapa do Reino de Galicia de José Cornide se representa maneira xeral a totalidade do trazado do Camiño Norte entre Ribadeo e Santiago de Compostela, o que permite completala parte do camiño que non figura no Plano do Bispado de Mondoñedo, do mesmo autor.

Neste plano o camiño que viña de Mondoñedo e Vilalba se cruza co camiño de Lugo a Betanzos a altura de Baamonde, tras cruzar o río Parga o trazado pasa por Parga, Présaras e Boimorto. Entre Boimorto e Santiago os puntos de paso e a localización das parroquias sinaladas son imprecisas. Ao leste de Boimorto aparece sinalando un santuario que probablemente se trate da ermida da Mota, ao lado do símbolo aparece o nome Benbejo, debaixo deste figura a referencia á parroquia de Calvos (San Martiño de Calvos de Sobrecamiño), a continuación aparecen os topónimos de Oines (actual Oíns), Medín, Carballal (Lamas de Carballal) e Sabugueira (San Paio de Sabugueira, A Lavacolla), sinalando mais que puntos de paso precisos o territorio polo que atravesa o camiño.



Mapa del Reino de Galicia de José Cornide (1762)

Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

Pasado Baamonde, os peregrinos debían cruzar o río Parga pola ponte de San Alberto para continuar camiño cara a Santiago. No trazado recollido na Carta de Fontán o camiño pasaba por San Breijome de Parga (San Breixo) e Puebla de Parga, seguía polo leste de Vilar e Torquedo e despois por

Castiñeiro, antes de atravesar a Serra da Cova da Serpe e entrar no actual municipio de Sobrado. O trazado continuaba pasando por Grijalba e Las Cruces, deixaba ao oeste Vilariño, cruzaba o río Tambre pola ponte de San Pedro, pasaba ao oeste de Folgoso lugar no que se unía co camiño de Santiago a Sobrado.


Seguía por este camiño en dirección a Santiago pasando por Boimorto, San Bartomomé de la Mota e Las cinco Calles, xa no actual termo municipal de Arzúa.



Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

Plano de la provincia de A Coruña de Francisco Coello y Pascual Madoz (1865)

O trazado recollido neste plano é moi similar ao que figura na Carta de Domingo Fontán. Tras atravesar a Serra da Cova da Serpe, o camiño que ven de Parga pasa por Grijalba, cruza o río Mandeo e a continuación atravesa Las Cruces de Sobrado. Vai polo sueste de Vilariño e Présaras, e ao norte de Folgoso. Pasa pola contorna de Boimil e atravesa Boimorto, para atravesar o límite municipal ao sur de Mercurín. O trazado continúa polo concello de Arzúa pasando xunto á Capela de San Bartolomé de la Mota. A continuación pasa polos lugares de Cinco Calles, Medín, San Gregorio e San Andrés (Santandré). Entre este último núcleo e Cinco Calles figura un trazado alternativo que vai mais ao sur, mais próximo a Oines e Gonzar. Despois de San Andrés o camiño cruza o río Mera pola ponte de Punin (A Ponte Puñide). A continuación pasa por Santiso e ao norte de Castrofeito. Prosegue próximo a Casas de Amarelle, e por último cruza Sabugueiro (Iglesia Antigua) e La Bacolla (Iglesia Nueva), lugar no que se produce a confluencia co Camiño Francés.



Montaxe dos planos das provincias de A Coruña e Lugo de Francisco Coello e Pascual Madoz (1864)

1.2.2. PROPOSTAS ANTERIORES DE TRAZADO

Trazado entre A Ponte de San Alberte e Boimil

Entre a zona na que se sitúa a Ponte de San Alberte, no treito entre Baamonde e Parga e Boimil, no concello de Boimorto prodúcese unha importante variación na traza do camiño ao incorporar o antigo trazado que vai pola Pobra de Parga, O Monte do Peregrin, Grixalva, As Cruces, Vilariño, A Pointe de San Pedro e A Ponte Présaras; pasando polas parroquias de San Breixo de Parga, San Estevo de Parga, Santa María de Vilar e San Vicente das Negradas, no concello de Guitiriz; San Xulián de Grixalva e Santa María de Cidadela, no concello de Sobrado; Santa María de Vilariño, no concello de Vilasantar; Santa Cristina de Folgoso, de novo en Sobrado e San Miguel de Boimil, en Boimorto. Así mesmo se incorpora o camiño que unía As Cruces con Sobrado.

Atendendo á consolidación do trazado que une A Ponte de San Alberte con Boimil, pasando por Sobrado, sinalizado pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e coincidente co que figura no expediente posto a exposición pública pola Xunta de Galicia no ano 1997, mantense igualmente como trazado do camiño. Este trazado pasa polas parroquias de San Breixo de Parga e Santa Locaia de Parga, no concello de Guitiriz; San Pelaxio de Seixón, Santiago de Miraz, San Pedro de Anafreita, San Mamede de Nodar e Santa María de Silvela, no concello de Friol; San Miguel de Codesoso, San Pedro da Porta e San Lourenzo de Carelle no concello de Sobrado e Santa María dos Ánxeles e San Miguel de Boimil, no de Boimorto.




Variación do trazado do Camiño entre A Ponte de San Alberte e Boimil
Trazado do Camiño — Trazado S. A. de Xestión do Plan Xacobeo —
coincidente con trazado Xunta de Galicia 1997
mantido como trazado do camiño na proposta

Trazado Boimorto – A Lavacolla

O trazado do Camiño Norte sinalizado na actualidade pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo non chega ata Santiago de Compostela, senón que se desvía en Boimorto cara ao sur, para unirse en Arzúa co Camiño Francés e seguir por esta ruta ata Santiago. Non obstante tanto os datos e a cartografía histórica sinalan que a ruta entre Ribadeo e Santiago tratábase dun trazado totalmente independente. Na proposta completase este trazado incluíndo o tramo do camiño que unía Boimorto con Santiago pasando polas parroquias de Santiago de Boimorto, Santa María de Sendelle e San Xoán de Mercurín, no concello de Boimorto; San Estevo do Campo, San Martiño de Calvados de Sobrecamiño, San Cosme de Oíns, no concello de Arzúa; Santo Estevo de Medín, Santa María de Gonzar, San Vicente de O Pino e Santa María de Castrofeito, no concello de O Pino.

Atendendo ao grado de consolidación que o trazado sinalizado entre Boimorto e Arzúa ten na actualidade incorpórase como do camiño.



Variación do trazado do Camiño entre Boimorto e A Lavacolla

Trazado do Camiño — Trazado da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo —
Mantido como trazado do camiño ata
Trazado Camiño Francés —

2. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

Plano de calidade ambiental do Camiño

No seguinte plano representase mediante un código de cores a avaliación da calidade ambiental de cada un dos tramos do Camiño. Os factores que se tiveron en conta para a realización de dita avaliación foron: a calidade da paisaxe inmediato ao Camiño; a percepción que dende el se ten da paisaxe afastada e o seu nivel de calidade; o arborado e a vexetación vinculada ao Camiño; a calidade das edificacións do seu entorno; o grado de conservación da configuración tradicional da traza e por último a existencia de elementos ou circunstancias que poidan supoñer un impacto sobre o Camiño ou a súa contorna.



Valoración da calidade ambiental do Camiño no Concello de Boimorto

— Moi Boa
— Boa
— Media
— Mala
— Moi mala

3. DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO

Os criterios para a delimitación do ámbito do territorio histórico do Camiño de Santiago Norte baséanse na necesidade de protexer os elementos vinculados ao Camiño no seu entorno máis próximo. Os valos e noiros que definen os seus límites; a vexetación vinculada ao Camiño: aliñacións de árbores, bosques autóctonos; os sistemas de cultivos: agras, prados, cos elementos a eles asociados: socalcos, valos, noiros; as construcións tradicionais: vivendas, hórreos, palleiras e construcións adxectivas en xeral, capelas, igrexas, muíños, etc.; os espazos públicos vinculados ao Camiño: espazos comunitarios dos núcleos, campos da festa, carballeiras, atrios das igrexas e, en xeral, calquera outro elemento de valor relacionado coa traza do Camiño. Por outra banda esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediato ao Camiño e das vistas sobre a paisaxe máis afastado.

Para a realización da delimitación pártese dunha banda a cada lado do Camiño dun ancho mínimo de cen metros que se adapta en función dos elementos a protexer. A delimitación pode verse incrementada para englobalas áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao Camiño, as delimitacións dos núcleos de poboación polos que pasa ou que se atopan na súa contorna inmediata, e para incrementar a protección de determinadas zonas de interese ambiental, natural ou paisaxístico. Puntualmente en función das características do parcelario ou das edificacións situadas á beira do camiño a delimitación do ámbito de protección pode ter zonas máis estreitas, pero estas sempre terán un ancho superior ao da franxa de trinta metros de protección do contorno definida pola Lei 3/1996 de Protección dos Camiños de Santiago.

Co obxecto de que o perímetro do ámbito do territorio histórico sexa identificable de xeito sinxelo sobre o terreo, este sempre segue as liñas reflectidas nos planos do catastro: límites das parcelas, límites de estradas ou camiños, cursos fluviais, etc. Cando as características do parcelario non fan posible este tipo de delimitación utilízanse liñas que unen elementos identificables sobre o terreo, por exemplo a liña trazada entre dúas esquinas dos peches de fincas.

No concello de Boimorto o ámbito do territorio histórico abrangue partes do territorio das parroquias polas que pasa o Camiño: San Martiño de Andavao, San Miguel de Boimil, Santiago de Boimorto, San Pedro de Cardeiro, Santa María de Sendelle, San Pedro de Brates, San Xoán de Mercurín e Santa María dos Ánxeles.

3.1. CAMIÑO PARGA-BOIMORTO-A LAVACOLLA

Tramo O Mesón / A Ponte de Présaras – Monte da Mota

Entre O Mesón, ao leste de A Ponte de Présaras, e Boimil o camiño percorre en primeiro lugar un treito de trescentos cincuenta metros pola beiravía da estrada AC-840, seguindo despois por camiños forestais e pistas asfaltadas durante dous mil oitocentos metros. A paisaxe se caracteriza en todo o tramo polas plantacións de eucaliptos. A delimitación ten unha largura maior do lado leste do camiño para incorporar o ámbito de protección do xacemento de Monte de Arriba, e o núcleo de As Corredoiras e O Campo da Lanza, no que se produce o entronque coa delimitación do camiño que ven de Sobrado.

O ámbito do territorio histórico inclúe os núcleos de Boimil, O Coto, A Cernadela e O Rego do Seixo. Tamén comprende a totalidade do núcleo urbano de Boimorto, incorporando a delimitación do Castro e da Vía Romana.

Á Saída de Boimorto, no lugar denominado Chousas de Outeiro o ámbito de protección se amplía cada ao sur para incorporar a delimitación da Mámoa do Pinar. Oitocentos metros despois se incorpora o xacemento do Coto da Medorra.

O camiño continúa por una paisaxe caracterizado polas explotacións forestais, principalmente de eucalipto. Despois do Coto da Medorra a delimitación amplíase para incorporar o núcleo de Bertomil, ao norte, e o conxunto de mámoas do Monte da Cabrita, situadas a ambos os dous lados do camiño.

A delimitación inclúe tamén as edificacións situadas no lugar chamado A Cabrita, prolongándose en dirección norte para incorporar o ámbito de protección do Castro de Mercurín.

Dous quilómetros despois de A Cabrita o camiño chega ao límite co termo municipal de Arzúa, no Monte da Mota.

3.2. CAMIÑO AS CRUCES – SOBRADO - BOIMORTO

Tramo Pena de Madelos – Boimil

A delimitación do tramo comprendido entre Pena de Madelos e Boimil, segue polo sur o curso do regato de Bouzas entre o límite co concello de Sobrado e o núcleo de O Campo da Lanza. Polo norte a delimitación coincide cos lindeiros das parcelas froito da concentración parcelaria que eliminou as trazas orixinais do camiño nesta zona. Á entrada no municipio a liña que define a delimitación polo norte incrementase para incorporar a área de protección do Castro de Revillón, no concello de Sobrado. No outro extremo, a liña que define o ámbito polo norte únese á do camiño que ven de As Cruces pasando por O Mesón, no seu encontro co regato do Batán

Na proximidade de O Campo da Lanza a delimitación vese ampliada cara ao sur para incorporar a delimitación do núcleo e a zona de protección do Castro de Corredoiras, continuando ata enlazar ca que engloba o núcleo de Boimil.

3.3. CAMIÑO BOIMORTO - ARZÚA

Tramo Boimorto – Os Castros

En xeral na contorna do trazado do camiño entre Boimorto e Arzúa a delimitación do ámbito do territorio histórico afecta ás parcelas situadas á beira do camiño. Entre A Igrexa (Santa María de Sendelle) e O Vilar se amplía o ámbito de protección para incorporar a delimitación do Castro de Marco de Arriba, situado ao norte do lugar de O Marco.

4. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

Elementos patrimoniais dentro do ámbito do territorio histórico

Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
Cotogrande	Boimil	Boimil (San Miguel)	Asentamento	573443	4765167
Igrexa Parroquial de San Miguel	Boimil	Boimil (San Miguel)	Relixiosa	571967	4763180
Casa Modernista	Boimil	Boimil (San Miguel)	Civil	571965	4763213
Cruceiro de Boimil	Boimil	Boimil (San Miguel)	Cruceiro	571944	4763180
Monte de Arriba	Os Ánxeles	Os Ánxeles (Santa María)	Achado illado	573281	4764426
Castro de Corredoiras	Os Ánxeles	Os Ánxeles (Santa María)	Castro	573302	4763004
Xacemento de Monte de Arriba	Os Ánxeles	Os Ánxeles (Santa María)	Asentamento	573170	4764399
Muíño da Lanza	Os Ánxeles	Os Ánxeles (Santa María)	Muíño	573123	4762753
Miliario de Boimorto	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Achado illado	571275	4762238
Vía Romana de Boimorto	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Vía/Calzada	570950	4761892
O Castro	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Castro	570975	4761780
Rego do Pazo	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Outros	571444	4761871
Igrexa Parroquial de Santiago	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Relixiosa	570816	4761838
Vivenda	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Vivenda tradicional	571258	4762061
Casa da Gándara	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Vivenda tradicional	570646	4761211
Tres vivendas con hórreo	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Vivenda tradicional	571284	4762051
Casa Reitoral	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Relixiosa	571057	4761581
Casa da Farmacia	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Civil	570649	4761324
Fonte	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Fonte	570675	4761264
Cruceiro	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Cruceiro	570844	4761840
Coto da Medorra	Cardeiro	Cardeiro (San Pedro)	Túmulo/Mámoa	569020	4761830
Mámoa do Monte da Cabrita 3	Brates	Brates (San Pedro)	Túmulo/Mámoa	567836	4760776
Mámoa do Monte da Cabrita 2	Brates	Brates (San Pedro)	Túmulo/Mámoa	567841	4760792
Mámoa do Monte da Cabrita 1	Brates	Brates (San Pedro)	Túmulo/Mámoa	567876	4761054
Castro de Mercurín	Mercurín	Mercurín (San Xoán)	Castro	566739	4760287
Chousa da Mota	Mercurín	Mercurín (San Xoán)	Túmulo/Mámoa	565320	4759820
Castro de Marco de Arriba	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Castro	568447	4759437
Mámoa de O Pinar	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Túmulo/Mámoa	569809	4761454
Os Castros	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Castro	568950	4758455
Igrexa Parroquial de Sta. María	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Relixiosa	569065	4759699
Capela de Manor	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Relixiosa	568421	4759250
Capela	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Relixiosa	568856	4759478
Casa de O Marco	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Vivenda tradicional	568395	4759152
Escola	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Civil	569003	4759696
Vivenda 1 en Marco	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Vivenda tradicional	568462	4759257
Vivenda 2 en Marco	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Vivenda tradicional	568268	4758978
Vivenda 3 en Marco	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Vivenda tradicional	568264	4758915

Vivenda en Vila	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Vivenda tradicional	568839	4758872
Casa Reitoral	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Relixiosa	569118	4759706
Fonte	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Fonte	568847	4759500
Lavadoiro	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Fonte/Lavadoiro	568402	4759238
Fonte	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Fonte	569045	4759691
Fonte do pazo de Marco	Sendelle	Sendelle (Santa María)	Fonte	568438	4759228

5. ANEXO FOTOGRÁFICO

Camíño Parga - Boimorto - A Lavacolla, Tramo O Mesón/A Ponte de Présaras – Monte da Mota



CNCA1301001.JPG



CNCA1301002.JPG



CNCA1301003.JPG



CNCA1302001.JPG



CNCA1302002.JPG



CNCA1302003.JPG



CNCA1302004.JPG



CNCA1302005.JPG



CNCA1302006.JPG



CNCA1302007.JPG



CNCA1304001.JPG



CNCA1304002.JPG



CNCA1304003.JPG



CNCA1304004.JPG



CNCA1304005.JPG



CNCA1304006.JPG



CNCA1304007.JPG



CNCA1304008.JPG



CNCA1304009.JPG



CNCA1304010.JPG



CNCA1304011.JPG



CNCA1304012.JPG



CNCA1305001.JPG



CNCA1305002.JPG



CNCA1305003.JPG



CNCA1305004.JPG



CNCA1305005.JPG



CNCA1305006.JPG



CNCA1305007.JPG



CNCA1305008.JPG



CNCA1306001.JPG



CNCA1306002.JPG



CNCA1306003.JPG



CNCA1306004.JPG



CNCA1306005.JPG



CNCA1307001.JPG



CNCA1307002.JPG



CNCA1307003.JPG



CNCA1307004.JPG



CNCA1307005.JPG



CNCA1307006.JPG



CNCA1307007.JPG



CNCA1307008.JPG



CNCA1308001.JPG



CNCA1308002.JPG



CNCA1308003.JPG



CNCA1308004.JPG



CNCA1308005.JPG



CNCA1308006.JPG



CNCA1308007.JPG



CNCA1308008.JPG



CNCA1308009.JPG



CNCA1308010.JPG



CNCA1308011.JPG



CNCA1308012.JPG



CNCA1308013.JPG



CNCA1308014.JPG



CNCA1308015.JPG



CNCA1308016.JPG



CNCA1308017.JPG



CNCA1308018.JPG



CNCA1308019.JPG



CNCA1308020.JPG



CNCA1308021.JPG



CNCA1308022.JPG



CNCA1308023.JPG



CNCA1308024.JPG



CNCA1308025.JPG



CNCA1308026.JPG



CNCA1308027.JPG



CNCA1308028.JPG



CNCA1308029.JPG



CNCA1308030.JPG



CNCA1308031.JPG



CNCA1308032.JPG



CNCA1308033.JPG



CNCA1308034.JPG



CNCA1308035.JPG

Camíño As Cruces - Sobrado – Boimorto, Tramo Madelos - Boimil



CNCA1309001.JPG



CNCA1309002.JPG



CNCA1309003.JPG



CNCA1309004.jpg



CNCA1309005.jpg



CNCA1309006.jpg



CNCA1309007.jpg



CNCA1309008.jpg



CNCA1309009.jpg



CNCA1309010.jpg



CNCA1309011.jpg



CNCA1311001.JPG



CNCA1311002.JPG



CNCA1311003.JPG



CNCA1311004.JPG



CNCA1311005.JPG



CNCA1312001.JPG



CNCA1312002.JPG



CNCA1312003.JPG



CNCA1312004.JPG



CNCA1312005.JPG



CNCA1312006.JPG



CNCA1313001.JPG



CNCA1313002.JPG



CNCA1313003.JPG

Camíño Boimorto – Arzúa, Tramo Boimorto – Os Castros



CNCA1314001.jpg



CNCA1314002.jpg



CNCA1314003.jpg



CNCA1314004.jpg



CNCA1314005.jpg



CNCA1314006.jpg



CNCA1314007.jpg



CNCA1314008.jpg



CNCA1314009.jpg



CNCA1314010.jpg



CNCA1314011.jpg



CNCA1314012.jpg



CNCA1314013.jpg



CNCA1314014.jpg



CNCA1314015.jpg



CNCA1314016.jpg



CNCA1314017.jpg



CNCA1314018.jpg



CNCA1314019.jpg



CNCA1314020.jpg



CNCA1314021.jpg



CNCA1314022.jpg



CNCA1314023.jpg



CNCA1314024.jpg



CNCA1314025.jpg



CNCA1314026.jpg



CNCA1314027.jpg



CNCA1314028.jpg



CNCA1314029.jpg



CNCA1314030.jpg

6. ANEXO PLANOS